


TAREFA 1: "DESPEGANDO... AÍNDA QUE COS PÉS NA TERRA!"



MESTRA: JENNY (Titora 5º EI)

ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil

CURSO: 2020/2021

ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

I. IDENTIFICACIÓN

TAREFA 1: "DESPEGANDO... AÍNDA QUE COS PÉS NA TERRA!"

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	JENNY, ANA, LUCÍA, BELÉN

DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

O **PRODUTO FINAL RELEVANTE UNHA GUÍA PRÁTICA PARA COIDAR A TÚA HORTA ECOLÓXICA** (a guía será INTERNIVEL, DENDE INFANTIL ATA PRIMARIA, distribuíndo o traballo segundo as capacidades do alumnado). en infantil **traballaremos na parte da guía dedicada ao chan**. Promocionarase a guía, para que adquira a súa relevancia social real, enviándolle ás familias o resultado a través das redes sociais do centro educativo. Ademais, marcarase unha data concreta para a publicación da guía no propio centro. Enviaremos o resultado ao correo electrónico do concello de Tui ou a outras asociacións da contorna.

XUSTIFICACIÓN DA TAREFA:

A nosa horta é o ecosistema terrestre máis próximo á nosa realidade, polo que partimos dela para investigar acerca dos beneficios que pode obter o planeta terra a raíz de manter unha horta ecolóxica. Incidiremos **en catro aspectos** fundamentais ao longo da posta en práctica da tarefa: **as plantas de tempada** na horta, **o chan** (observando as capas da terra, a materia orgánica e a súa descomposición, a auga e o rego...), **as sementes**, e **os seres vivos na horta** (microorganismos, animais beneficiosos, pragas e enfermidades). De aí o nome que leva esta tarefa: "Despegando... aínda que cos pés na terra", posto que partimos do planeta terra e da nosa realidade próxima (a horta do cole) para investigar como é a vida dos animais e plantas na terra e de que maneira contribúen á sustentabilidade do noso planeta.

CONTEXTO:

Aulas de 3 anos, 4 anos, 5 anos A e 5 anos B.



ACTIVIDADES	INDICADOR AVALIACIÓN 1	INDICADOR AVALIACIÓN 2	INDICADOR AVALIACIÓN 3
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. Visualización dun vídeo no que aparece un marciano visitando a horta do cole. A partir do vídeo comezamos a investigar.</p> <p><i>*NOTA: LEVARASE Á AULA DÚAS SEMENTES IGUAIS, UNHA QUE VAN REGAR CADA DOUS/TRES DÍAS E OUTRA QUE NON REGARÁN EN NINGÚN MOMENTO. EXPLICAR O QUE TEÑEN QUE FACER. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>
<p>2. "PESCUDANDO". Neste momento traballaremos con apoios visuais de información concreta sobre a horta.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	



<p>Visualizaremos as plantas de tempada de hai neste momento así coma outras que se poden ir incorporando nesas datas.</p> <p><i>*NOTA: OBSERVACIÓN EN GRAN GRUPO DAS PLANTAS QUE QUEDARON NA SÚA CLASE E QUE ESTIVERON REGANDO UNHA SÍ, PERO A OUTRA NON. CONTEMPLAR SE HAI CAMBIOS. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>			
<p>3. A IMPORTANCIA DO CHAN. Unha vez investigamos sobre algunhas das plantas da horta é importante coñecer o papel que xoga a terra e o chan para o crecemento das plantas.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>	



<p>4. OS ANIMAIS DA HORTA. Falamos sobre a importancia dos animais na horta.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	<p>Coñece os cuidados básicos que requiren animais e plantas para vivir.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.</p>	<p>Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.</p>
<p>ACTIVIDADES</p>	<p>PASO 1</p>	<p>PASO 2</p>	<p>PASO 3</p>
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. Visualización dun vídeo no que aparece un marciano visitando a horta do cole. A partir do vídeo comezamos a investigar.</p> <p><i>*NOTA: LEVARASE Á AULA DÚAS SEMENTES IGUAIS, UNHA QUE VAN</i></p>	<p>1.2. BENVIDA AO ALUMNADO. Explicarlle ao alumnado onde van traballar nese tempo e para que? (Imos facer unha guía para compartir coa xente de Tui e que poidan facer a súa propia horta e coidar a terra entre</p>	<p>1.3. SAÍDA Á HORTA. No vídeo observamos que o marciano explica que nos deixa unha pista e que necesitamos axuda da profe do ámbito (neste momento colles a carta que "deixou o marciano na clase" e a ledes en voz alta. Ao</p>	<p>1.4. COMPARA E CONTRASTA. Visualizaranse dúas imaxes que pegaremos no encerado (<i>SOPORTES 1</i>). Procedemos a facer a rutina de pensamento e o alumnado comenta en gran grupo as apreciacións acerca destas dúas imaxes comparando e</p>

<p><i>REGAR CADA DOUS/TRES DÍAS E OUTRA QUE NON REGARÁN EN NINGÚN MOMENTO. EXPLICAR O QUE TEÑEN QUE FACER. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>	<p>todos). EXPOÑER O PANEL SCRUM (SECUENCIA DE PASOS PARA O DÍA) PARA COMPROBAR O QUE IMOS FACER NA MAÑÁ (IMPRESO EN AULA).</p> <p>1.2. VISUALIZACIÓN DO VIDEO. En gran grupo visualizamos o vídeo que foi elaborado para dar comezo á tarefa.</p>	<p>rematar sairedes á horta (que está en todos os arredores do cole-horta urbana), e obervades con detalle as plantacións.</p>	<p>contrastando a información (en que se parecen? En que de diferencian? Tómase nota das conclusións que obteñen ao rematar.</p> <p>VARIANTE 3 ANOS- aproveitarase para visualizar os módulos da horta urbana do cole e coñecela, (primeira toma de contacto directa) e, de volta á aula, expresan en voz alta o que observaron, que cousas había, que foi o que vimos... gravamos en notas de voz o que din.</p>
<p>2. "PESCUDANDO". Neste momento traballaremos con apoios visuais de información concreta sobre a horta. Visualizaremos as plantas de tempada que hai neste momento así coma outras que se poden ir incorporando nesas datas.</p>	<p>2.1. EXPOÑER O PANEL SCRUM PARA COMPROBAR O QUE IMOS FACER NA MAÑÁ.</p> <p>2.2. QUE PLANTAS TEMOS NA NOSA HORTA? A través dunhas imaxes con información concreta e con apoios visuais</p>	<p>2.2. OBSERVACIÓN NA HORTA. Saímos á horta para visualizar esas plantas e ver onde están situadas. Podemos coller algunha mostra das follas ou froitos se os teñen, e así poder levar á aula e observar con maior detalle e propoñer</p>	<p>2.3. DEBUXO. Facemos un debuxo sobre o que observamos na horta (SOPORTE 3). VARIANTE→ OS PEQUENOS DE 3 ANOS non sairán de novo á horta. Farán o debuxo nas súas mesas de maneira individual sobre o que observaron o outro día e o que</p>



<p><i>*NOTA: OBSERVACIÓN EN GRAN GRUPO DAS PLANTAS QUE QUEDARON NA SÚA CLASE E QUE ESTIVERON REGANDO UNHA SÍ, PERO A OUTRA NON. CONTEMPLAR SE HAI CAMBIOS. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>	<p>diferentes fotografías impresas e plastificadas (SOPORTES 2) algunhas das plantas que temos actualmente na nosa horta e información importante sobre elas. A persoa docente fai explicacións coa información escrita que existe.</p>	<p>plantar esas sementes coa nosa titora. APRENDEMOS DE ONDE SAEN AS SEMENTES (DOS FROITOS, DAS SÚAS FOLLAS...).</p>	<p>falamos previamente. Facer unha transcripción posterior do debuxo coa explicación escrita pola mestra do que debuxaron.</p>
<p>3. A IMPORTANCIA DO CHAN. Unha vez investigamos sobre algunhas das plantas da horta é importante coñecer o papel que xoga a terra e o chan para o crecemento das plantas.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	<p>3.1. EXPOÑER O PANEL SCRUM PARA COMPROBAR O QUE IMOS FACER NA MAÑÁ.</p> <p>3.2. EXPERIMENTO COAS CAPAS DA TERRA. Dispoñemos dun saco de terra na aula. En gran grupo na zona da asemblea falaremos sobre a terra e completaremos unha nube de palabras (na PDI coa web</p>	<p>3.2. A IMPORTANCIA DA AUGA E A HUMIDADE NA TERRA: O RIEGO DA HORTA. Os residuos aparecen unha vez que cae a auga sobre a terra. De aquí á súa importancia para que o chan teña "alimento" para as plantas. Observamos as nosas sementes iniciais e vemos as diferenzas que existen ao longo dos días coas fotografías tomadas.</p>	



	<p>https://www.nubedepalabras.es/) a partir deste concepto. Meteremos terra nun bote de plástico de refugallo e faremos o experimento. Visualizarán como a terra deixa residuos que axudan ao desenvolvemento das plantas.</p> <p>https://educaconbigbang.com/2014/01/experimento-de-textura-del-suelo-en-un-tarro/</p>	<p>Que ocorre se non regamos? Que pode ocorrer se deixara de chover no planeta? A partir de dar resposta a estas cuestións faremos un MURAL CONXUNTO que levará por título <i>O NOSO PLANETA, A NOSA CIDADE</i>. Debuxarán individualmente as súas ideas nun folio en branco e despois recortarán ao redor e pegarán os debuxos individualmente nun papel continuo (formará parte da guía ecolóxica).</p> <p><i>*Pódense engadir audios para o alumnado que non debuxe ou algún video en QR.</i></p>	
--	---	---	--

<p>4. OS ANIMAIS DA HORTA. Falamos sobre a importancia dos animais na horta.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	<p>4.1. EXPOÑER O PANEL SCRUM PARA COMPROBAR O QUE IMOS FACER NA MAÑÁ.</p> <p>4.2. ANIMAIS BENEFICIOSOS PARA Á HORTA: “O HOTEL DE BICHOS DO COLE”. Observamos unha foto do hotel e facemos un mapa mental (SOPORTE 4) en gran grupo sobre as ideas que temos de para que serve este hotel. VARIANTE PARA 3 anos- móstrase a imaxe e responden á cuestión: Que é o que observades? Para que serve? Recollida de ideas no mapa mental por parte da mestra.</p>	<p>5.2. CONTO: “EL HUERTO DE PICO EL ERIZO”. Lectura do conto en gran grupo. Observamos como axuda o ourizo á conservación da horta.</p>	<p>4.3. XOGO → Faremos parellas cunhas cartas elaboradas e plastificadas (SOPORTE 5). clasificamos en animais que axudan e animais que lle fan dano ás plantas. GRAVACIÓNS FINAIS EN VIDEO OU AUDIO para introducir na guía.</p> <p>VARIANTE PARA 3 anos- observarán as tarxetas e comentaremos que tipo de danos ou beneficios causan algúns dos animais mostrados.</p>
--	---	---	---



ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1. MOTIVACIÓN INICIAL. Visualización dun vídeo no que aparece un marciano visitando a horta do cole. A partir do vídeo comezamos a investigar.</p> <p><i>*NOTA: LEVARASE Á AULA DÚAS SEMENTES IGUAIS, UNHA QUE VAN REGAR CADA DOUS/TRES DÍAS E OUTRA QUE NON REGARÁN EN NINGÚN MOMENTO. EXPLICAR O QUE TEÑEN QUE FACER. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>Vídeo elaborado polas mestras coordinadoras do ámbito, Soporte 1, PDI, proxector, ordenador, horta do centro, sementes (lentellas, alubias...), terra e vaso de iogur de refugallo.</p>	<p>MARTES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:35</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:40</p>
<p>2. "PESCUDANDO". Neste momento traballaremos con apoios visuais de información concreta sobre a horta. Visualizaremos as plantas de tempada de hai neste momento así coma outras</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO E TRABALLO INDIVIDUAL</p>	<p>Soportes 2 e 3, cubo para transportar as posibles sementes que se poidan atopar na horta, cinta métrica.</p>	<p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p>



<p>que se poden ir incorporando nesas datas.</p> <p><i>*NOTA: OBSERVACIÓN EN GRAN GRUPO DAS PLANTAS QUE QUEDARON NA SÚA CLASE E QUE ESTIVERON REGANDO UNHA SÍ, PERO A OUTRA NON. CONTEMPLAR SE HAI CAMBIOS. FACEMOS UNHA FOTO.</i></p>				<p>AULA 4 ANOS: MARTES DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:35</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:40</p>
<p>3. A IMPORTANCIA DO CHAN. Unha vez investigamos sobre algunhas das plantas da horta é importante coñecer o papel que xoga a terra e o chan para o crecemento das plantas.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B</p>	<p>GRAN GRUPO E TRABALLO INDIVIDUAL</p>	<p>Ordenador, web nubedepalabras, bote de plástico de refugallo, terra, papel continuo, folios brancos, tixeiras, pegamento, lápis, cores, tablet ou móvil para gravar.</p>	<p>MARTES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: DE 9:00 A 10:35</p>



				AULA DE 5 ANOS B: DE 9:05 A 10:40
<p>4. OS ANIMAIS DA HORTA. Falamos sobre a importancia dos animais na horta.</p> <p><i>*NOTA: DE NOVO OBSERVAMOS AS PLANTAS E FACEMOS UNHA NOVA FOTOGRAFÍA.</i></p>	AULAS 3, 4, 5 ANOS A E 5 ANOS B	GRAN GRUPO	Soportes 4 e 5, conto, foto do hotel de bichos, ordenador e tablet/móvil.	<p>XOVES</p> <p>AULA DE 3 ANOS: MARTES 9:20-10:20</p> <p>AULA 4 ANOS: MARTES DE 9:10 A 10:30</p> <p>AULA 5 ANOS A: MARTES DE 9:00 A 10:35</p> <p>AULA DE 5 ANOS B: MARTES DE 9:05 A 10:40</p>

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os coidados básicos que requiren animais e plantas para vivir. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. 			
<ul style="list-style-type: none"> • Goza ao realizar actividades de grupo en contacto coa natureza. 			

AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO

A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link:
https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZgc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFjq1YpQRc_rWxwbXchK/edit?usp=drive_web